



MU

# Manual de usuario Plataforma GaIA eResiduos

Manual usuarios externos



**XUNTA  
DE GALICIA**



FEDER - FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA





CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Manual do Usuario	VERSIÓN:	3
COD. DO DOCUMENTO:			
ELABORADO POR:	Amtega e Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	DATA:	
VALIDADO POR:	Xerencia de proxectos	DATA:	
APROBADO POR:	Xerencia de proxectos	DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
1	Primeira versión	
1	Revisión inicial	
2	Versión definitiva	
2	Modificado Apéndice II para incluír información para a resolución de problemas coa sinatura electrónica.	07/04/2016
3	Nova versión para as adaptacións ao Real Decreto 180/2015 e á versión do E3L 3.0/3.1	27/11/2019
3.1	Actualización requisitos sinatura electrónica	10/03/2020

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Localización

Datos básicos do Proxecto	
Nome do proxecto	GAIA Evolución
Código do proxecto	GAIAMA

#### CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega(Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.



## Índice

1.	Introdución.....	4
2.	Presentación do sistema.....	5
3.	Funcionalidades do sistema.....	6
4.	Contas de empresa e acceso .....	7
4.1.	Activar unha conta de empresa .....	7
4.2.	Xestión de usuarios .....	12
4.3.	Xestión de permisos de asinantes.....	18
4.4.	Acceso ao sistema.....	20
5.	Características Xerais .....	22
5.1.	Buscadores .....	22
5.2.	Listados.....	22
5.3.	Paxinación.....	23
5.4.	Formularios .....	23
5.5.	Campos de busca .....	24
5.6.	Botóns de acción.....	24
5.7.	Asinado electrónico.....	24
6.	Pantalla inicial e funcións xerais .....	25
6.1.	Menú da aplicación .....	25
6.2.	Información do usuario e contas de empresa.....	26
6.3.	Alertas .....	27
6.4.	Múltiples contas de empresa .....	28
6.5.	Resumo de datos da conta .....	29
7.	Mestres de datos.....	30
7.1.	Residuos .....	30
7.2.	Produtos / Servizos .....	33
7.3.	Subprodutos.....	34
7.4.	Xestión de contactos.....	36
8.	Notificacións previas de traslado .....	42
8.1.	Detalle dunha notificación.....	43
8.2.	Nova notificación.....	44
9.	Traslados de residuos.....	55
9.1.	Estados dos traslados.....	55
9.2.	Buscador de traslados .....	56
9.3.	Detalle dun traslado .....	58
9.4.	Traslados DI CON NT.....	59
9.5.	Traslados DI sen NT .....	67
9.6.	Traslados Transfronteirizos .....	70
9.7.	Traslados para CCAA non E3L.....	72
9.8.	Rexistrar entradas de materiais.....	73
9.9.	Rexistrar saídas de materiais .....	75
9.10.	Confirmar ou rexeitar traslados .....	76
10.	Arquivo cronolóxico .....	83
11.	Apéndice I. Tipos de usuarios .....	85
12.	Apéndice II. Requisitos e configuración do sistema.....	86
12.1.	Requisitos do sistema .....	86
13.	Apéndice III. Requisitos de integración servizos Web .....	104
13.1.	Autenticación .....	105
13.2.	Especificación .....	105
14.	Apéndice IV. Aplicación de probas da Plataforma GaIA eResiduos.....	106
14.1.	Solicitud de acceso .....	106
14.2.	Acceso a GaIA Test .....	106

## 1. Introducción

O sistema **GaIA** é unha plataforma desenvolta para a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) no eido da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. **eResiduos** é un módulo dun sistema moito máis extenso denominado Plataforma GaIA.

En concreto o módulo eResiduos é unha aplicación desenvolvida para levar o control de todos os traslados de residuos de Galicia seguindo o estándar E3L; proporcionando unha ferramenta de traballo a Produtores, Xestores e administración para a xestión dos mesmos e a levanza do arquivo cronolóxico tal e como indica a Lei 22/2011 de Residuos, así como a xestión telemática doutra información en materia de residuos como pode ser o estudo de minimización ou a declaración anual de envases (estes módulos íranse engadindo ao sistema en fases posteriores).

O módulo eResiduos atópase completamente adaptado ás esixencias en materia de traslados de residuos esixido polo Real Decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado seguindo os esquemas marcados polo estándar E3L na súa versión 3.0/3.1.





## 2. Presentación do sistema

O obxectivo principal da aplicación GalA eResiduos é ser unha ferramenta útil para as empresas, facilitando as súas relacións coa Administración Ambiental. Por iso un dos seus elementos máis novos é a súa estrutura de datos, mediante a cal as empresas poderán empregar a plataforma para a creación e xestión das súas propias bases de datos, nas que almacenará a información necesaria relativa á produción e xestión de residuos. A partir da información contida nesas bases de datos propias, poderá interactuar coa Administración, realizando, por exemplo, os traslados de residuos telemáticamente, ou a levanza de seu arquivo cronolóxico.

Para poder empregar estas novas ferramentas de xestión de datos, que facilitarán as tarefas posteriores de creación de documentos de traslado, ou de rexistro de entradas e saídas no arquivo cronolóxico, será imprescindible que previamente a empresa rexistre na plataforma a información necesaria.

Os datos mestres que se poderán rexistrar na Plataforma, e que constituirán a base de datos da empresa en materia de produción e xestión de residuos, son os correspondentes a;

1. Contactos: centros das empresas de orixe, de destino e de transporte coas que a empresa traballa de xeito habitual así como dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor no caso de que estes interveñan no traslado.
2. Residuos: residuos que a empresa xera ou xestiona habitualmente.
3. Produtos e servizos: produtos e servizos xerados pola empresa como resultado da súa actividade.
4. Subprodutos: residuos xerados ou utilizados como subprodutos.

Unha vez a empresa teña rexistrados os seus datos mestres na Plataforma, poderá usalos xunto coas ferramentas dispoñibles na plataforma GalA para a tramitación das notificacións previas e dos documentos de traslado. **Non será necesario incorporar esta información inicial se vostede traballa co E3L, debido a que esta xa está incorporada no arquivos XML.** Será no momento no que se produza a presentación destes documentos ante a Administración, no que se validará a información que conste nos documentos elaborados pola empresa, cotexándoa coa información que consta no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos.

Outra característica de GalA eResiduos é que a información subida por unha empresa á Plataforma será **compartida e accesible** para todas as partes que interveñan no trámite.

Se os documentos de traslados se atopan asinados electrónicamente, a nova Plataforma permite crear automaticamente o arquivo cronolóxico, e a futuro xerar a memoria resumo a partir da información contida neste. Deste xeito GalA eResiduos facilitará nun futuro aos usuarios o cumprimento da súa obriga de información anual coa Administración.



### 3. Funcionalidades do sistema

A aplicación GaIA eResiduos pretende ser o punto centralizado onde as empresas deben rexistrar toda a súa información ambiental en materia de residuos e servir de axuda para a xestión desta información e no cumprimento da normativa vixente nesta materia, como por exemplo na levanza do Arquivo Cronolóxico.

A aplicación permite traballar mediante dous sistemas principais e complementarios:

1. Por medio dunha **aplicación web** na que se pode, entre outros:
  - a. Rexistrar notificacións previas e traslados de residuos (NT, DI CON NT, DI SEN NT, Transfronteirizos).
  - b. Confirmar os traslados rexistrados mediante sinatura electrónica como recolle a normativa en vigor.
  - c. Levar o arquivo cronolóxico.
  - d. A futuro presentar a memoria resumo anual, no caso de xestores de residuos
  - e. Levar un rexistro de entradas e saídas de produtos, servizos e subprodutos
2. .Mediante un sistema innovador que permite a posibilidade de dar soporte a un sistema automatizado de recepción de información en E3L: os **Web Services E3S** que permite a interconexión do sistema de información da empresa (que debe estar adaptado a E3L) co sistema GaIA eResiduos de xeito automatizado. Esta opción é a recomendable nos caso que haxa un volume importante de documentación a presentar (Notificacións previas, traslados DI CON NT, traslados DI SEN NT). Os web services E3S permiten presentar:
  - a. Notificacións previas de traslados
  - b. Traslados de residuos con e sen NT (Notificación previa) en formato E3L

A presentación dos documentos por esta vía non exime de ter que aceptar os traslados rexistrados mediante sinatura electrónica a través da aplicación web tal e como se recolle na normativa en vigor. Pode consultar o [Apéndice III](#) para máis información sobre este sistema.

## 4. Contas de empresa e acceso

Para que unha empresa poida traballar con GaIA eResiduos debe habilitarse unha conta de traballo para esa empresa. Todos os datos rexistrados no sistema (residuos, contactos, notificacións previas, traslados, etc.) estarán vencellados sempre a unha conta de empresa.

GaIA eResiduos aporta unha maior seguridade no control de acceso a unha determinada conta por parte da propia empresa, xa que será a empresa quen terá capacidade de xestionar os seus propios usuarios á par que permitirá un control de acceso mediante certificado electrónico ou usuario e contrasinal persoal para cada usuario.

Para poder traballar axeitadamente coa plataforma GaIA a empresa debe ter activa unha conta de empresa e **dar de alta, como mínimo, un usuario con permiso de asinante**.

### 4.1. Activar unha conta de empresa

No caso de que non dispoña aínda de conta de empresa en GaIA eResiduos debe realizar estas accións, no caso de non estar rexistrado na Plataforma GaIA previamente:

- 1) Debe acceder á plataforma a través deste enlace <https://gaia.xunta.es/plataforma/> e crear un usuario da Plataforma GaIA asociado ao representante legal da empresa dende o apartado "Acceso privado" da Plataforma GaIA



- 2) Premer sobre o botón "Cree unha nova conta" e cubra os datos do formulario de contacto coa información do usuario . Unha vez realizada esta acción chegaralle un correo electrónico co seguinte asunto "Activar usuario Plataforma GaIA" co fin de que finalice o proceso de activación. Revise a súa carpeta de correo non desexado ou spam por si ese correo se arquivou na dita carpeta.



Acceso a:

## GaIA

Identifíquese

[Esqueceu o seu contrasinal →](#)

Entrar

Entre con certificado dixital

Entrar

Cree unha nova conta

Crear

[Idiomas](#) [Contacto](#) [Axuda](#)

## Alta de novo usuario

Nome\*

Primeiro apelido\*

Segundo apelido\*

DNI\*

Contrasinal\*

Repita Contrasinal\*

Correo electrónico\*

Volver

Registrar usuario

[Contacto](#) [Axuda](#)



XUNTA  
DE GALICIA

Servizo prestado pola Presidencia da Xunta de Galicia  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)



XUNTA  
DE GALICIA

Servizo prestado pola Presidencia da Xunta de Galicia  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

## Alta de novo usuario

🔔 Usuario creado correctamente. Enviouse un correo de confirmación á dirección de correo indicada **generadordiasespeciales@gmail.com** para rematar o proceso alta.

Volver

[Contacto](#) [Axuda](#)

- Tras activarse na plataforma debe premer sobre o módulo de eResiduos dentro de "As Miñas aplicacións" para solicitar a alta da súa empresa neste módulo.



## As miñas aplicacións



Só poderán solicitar a alta aquelas empresas que teñan inscricións no Rexistro de produción e xestión de residuos como xestor ou produtor de residuos.

❗ Non se atopa ningunha empresa inscrita como produtor ou xestor con representante legal con NIF:   
No caso de que sexa representante legal dunha empresa inscrita como produtor ou xestor no Rexistro de Produción e Xestión de residuos debe acreditálo documentalmente. Para iso debe dirixirse ao órgano perante o cal tramitou a súa inscrición e/ou autorización e tras actualizar os datos pode volver a solicitar unha nova conta de empresa. <https://sirga.xunta.gal/onde-estamos>

Este alta só pode ser solicitada por un **usuario que dispoña dun certificado electrónico a nome da empresa ou dun representante legal da mesma habilitado** na base de datos do órgano ambiental competente.

Para poder continuar con este proceso é preciso que:

1. Teña instalado un certificado electrónico válido para autenticarse perante o sistema.
2. O certificado debe estar **a nome dun representante legal** da empresa ou a nome da empresa en si (pero sempre vencellado a unha persoa física que sexa representante legal).

En caso de que o representante legal non figure no Rexistro de Produción e Xestión de residuos debe acreditálo documentalmente. Para iso debe dirixirse ao órgano perante o cal tramitou a súa inscrición e/ou autorización e realizar o procedemento de actualización de datos a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia co código de procedemento PR004A (<https://sede.xunta.gal/portada>)

- Servizo de Residuos - Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
  - San Lázaro s/n
  - 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
  - Enderezo electrónico: [buzon.residuos@xunta.gal](mailto:buzon.residuos@xunta.gal)
- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura territorial da Coruña
  - Rúa Vicente Ferrer, 2, 5ªPI (Edif. Monelos)
  - 15008 A Coruña
  - Teléfono: 981.18.44.62 / 981.18.44.59
  - Fax: 981.18.21.98



- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura territorial de Lugo
    - Ronda da muralla 70
    - 27071 Lugo
    - Teléfonos: 982.29.45.81 / 982.29.45.89
    - Fax: 982.29.40.76
  - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura territorial de Ourense
    - Rúa do Paseo 18 4ª Planta
    - 32003 Ourense
    - Teléfono: 988.38.61.44 / 988.38.67.07
    - Fax: 988.38.62.11
  - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura territorial de Pontevedra
    - Av. de María Victoria Moreno, 43, 4ª PI
    - 36003 Pontevedra
    - Teléfono: 986.80.53.90
    - Fax: 986.80.53.98
- 4) Tras premer debe solicitar o dito certificado electrónico do representante legal habilitado.



O sistema amosará un formulario de solicitude de alta no que se deben cubrir os seguintes datos:

1. Datos de usuario para o solicitante (se non existe xa un usuario para esa persoa)
  - a. Correo electrónico do solicitante.
  - b. Nome e apelidos.
  - c. O nome de usuario cóbrese automaticamente co NIF do solicitante.
2. Escoller para que empresa, das que é representante legal, quere solicitar a alta.





3. Concello no se se atopa a efectos de asinar a solicitude de alta (isto só aplica á hora de asinar a solicitude de alta).

## Nova conta de empresa Vencellar contas de empresa a usuarios

Non se atopa ningún usuario co NIF: 44459028M

**Creación de usuario**

Como o certificado dixital presente é dun NIF representante legal dalgúha empresa, se pode crear un usuario vencellado as contas de empresa.

**Usuario** **Correo electrónico**

**Nome** **Primeiro Apellido** **Segundo Apellido**

**Empresas representadas polo nif 44459028M**

☐ **INNOV. TERMA S.L. BARRIOS Ourense -**

☐ **ANTONIO ANSELMO NAZARET, (TRAPO) S.L. Sarria**

**Concello onde se atopa (para a sinatura da declaración)**

Con todos ese datos cubertos amosase unha pantalla como a seguinte co texto da solicitude de alta na plataforma(cuberto cos datos apropiados) e na que se debe asinar a solicitude de alta:

### Datos a asinar

Sr./Sra. [REDACTED] con NIF. [REDACTED] e correo electrónico [REDACTED] DECLARO que, de conformidade co previsto no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ostento a condición de representante legal da empresa [REDACTED] con NIF [REDACTED], e domicilio social en [REDACTED], Curtis (Coruña (A), Galicia), 15310, que dispoño da documentación que así o acredita e que cumpro cos requisitos legais para actuar no seu nome, comprometéndome a manter esta condición durante o tempo que a empresa realice trámites electrónicos do control da rastrexabilidade dos residuos. Nesta condición comparezo ante esta secretaría xeral para FACER CONSTAR:

Que en relación cos procedementos telemáticos de control da rastrexabilidade de residuos previstos polo Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos teño capacidade para AUTORIZAR e xestionar as altas e baixas na plataforma GaIA (plataforma Galega de Información Ambiental) de:

USUARIOS, para que en nome e representación da empresa sexan as persoas designadas como responsables da introdución, modificación ou consulta de datos na plataforma GaIA da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e, en consecuencia, poidan exercer por vía telemática as seguintes facultades:

- Presentar as notificacións previas do traslado de residuos.
- Crear traslados de residuos.
- En xeral, realizar calquera dos actos que en opinión da persoa autorizada sexan necesarios ou convenientes para conseguir o exercicio das facultades concedidas.

USUARIOS ASINANTES, para que en nome e representación da empresa sexan as persoas designadas como responsables das tarefas anteriores ademais de todas aquelas para as cales sexa necesario realizar un procedemento de asinado dixital, polo que poderán exercer a maiores as seguintes facultades:

- Presentar telemáticamente os correspondentes documentos de control.
- Realizar peticións de anulacións de sinaturas dixitais
- Presentar en nome da empresa toda aquela información necesaria para o cumprimento das súas obrigas en materia de residuos.
- En xeral, realizar calquera dos actos que en opinión da persoa autorizada sexan necesarios ou convenientes para conseguir o exercicio das facultades concedidas.

Esta/s persoa/s deberán dispor de certificado dixital de persoa física ou xurídica de clase 2 da FNMT ou DNI electrónico para asinar dixitalmente estas xestións da empresa.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente DECLARACIÓN en Coruña (A), a 4 de maio do 2015.

Asdo.:  
(asinado dixitalmente polo representante legal)

Unha vez asinado se prememos en gardar o sistema fará o seguinte:

1. Creará unha conta de empresa para a empresa en cuestión.

2. Creará un usuario administrador para esa conta de empresa (os usuarios administradores son os únicos que poden crear outros usuarios e asinantes).
3. Activará ao dito usuario e enviaralle un e-mail á dirección de correo do mesmo para completar o proceso de activación.

Amosarase a seguinte pantalla.

**Nova conta de empresa** Vencellar contas de empresa a usuarios

✔ Vencellouse correctamente a conta da empresa ó seu usuario. Se se creou un novo usuario, enviarase un correo ó seu email para crear o contrasinal.

[Voltar á páxina de entrada...](#)

A partir deste momento xa se pode traballar con esa empresa en GaIA eResiduos.

## 4.2. Xestión de usuarios

Unha vez dentro do módulo de eResiduos, na sección de usuarios, se amosa un listado dos usuarios do sistema vencellados coa nosa empresa:

## Listado de usuarios Lístanse os usuarios ligados á conta

Usuario	NIF	Nome	Rol	Correo electrónico	Estado
exttecnico			Técnico		Activo
extadmin			Administr...		Activo

Usuario

Lstado

+ Novo

A aplicación GaA eResiduos permite dous roles ou tipos de usuarios:

- **Administrador:** estará vencellado ao representante legal e darase de alta de xeito automático ao crear a conta de empresa.
- **Técnicos:** estarán vencellados ao persoal técnico ou de administración que o representante legal da empresa decida e poderán ser dados de alta unicamente polo usuario administrador.

No [Apéndice I](#) amósase un listado detallado das accións que pode desenvolver cada un destes tipos de usuarios.

Premendo no nome do usuario accedemos ao detalle do mesmo a ás diferentes operacións que se poden levar a cabo con el sendo usuario administrador.





## Usuario

### Datos propios

Usuario	Nome	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Correo electrónico	Rol	
<input type="text"/>	Técnico externo de eResiduos	
Estado		
Activo		

Usuario
<a href="#">Listado</a>
<a href="#">+ Novo</a>
<a href="#">✕ Desvincellar usuario</a>
<a href="#">✎ Editar</a>

## Desvincellar

Se queremos quitarlle o acceso a un usuario bastaría premer na ligazón de desvincellar. Con isto eliminamos a relación entre ese usuario e a empresa coa que estamos a traballar actualmente. Se o usuario ten acceso ás contas de outras empresas ese acceso sigue vixente, **só se elimina a posibilidade de acceder á empresa coa que estamos traballando.**

## Edición

A edición de usuarios permítenos modificar os datos básicos do usuario.

## Edición de usuarios Modifícanse os datos do usuario

### Datos xerais

Nome	Primeiro Apellido	Segundo Apellido
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NIF		
<input type="text"/>		

O formulario poderase enviar se non contén erros

✓ Gardar

✕ Cancelar

↺ Restaurar

## Novo usuario

A creación de novos usuarios, como xa se indicou, só pode realizala un usuario co rol de administrador.

Á hora de crear un novo usuario o sistema pregunta se se vai crear un novo usuario ou se vai a solicitar acceso ao sistema de servizos web.



## Crear ou asociar usuario Creación ou asociación de novo usuario

### Novo usuario

Dar de alta a un novo usuario para que poida empregar as funcionalidades dispostas na web

### Acceso aos servizos web

Dar de alta a un novo usuario para acceder aos servizos web publicados para a tramitación telemática. Tan só pode solicitarse un usuario para os servizos web.

O novo 'usuario' é un usuario técnico do sistema. O 'Acceso a servizos Web' está pensado para empresas que queiran integrar os seus sistemas de información con GalA para enviar os documentos E3L por esa vía. En principio so será preciso crear usuarios normais.

A pantalla de creación de usuarios inicialmente pode tardar un pouco en cargar porque carga a ferramenta de sinatura electrónica para que cando se cree o usuario se asine electronicamente a solicitude de alta.

Inicialmente a pantalla amosa só un campo de texto para indicar o NIF da persoa á que se quere dar de alta como usuario.

## Crear ou asociar usuario Creación ou asociación de novo usuario

### Datos xerais

#	<input type="text" value="Introduza o NIF"/>	<input type="button" value="Q Buscar"/>
---	--	---

Unha vez introducido prememos en buscar para saber se a persoa con ese NIF xa ten un usuario no sistema.

### Se non existe

No caso de non existir ningún usuario con ese NIF o sistema solicita o resto de datos precisos para dar de alta ao usuario incluíndo unha solicitude a asinar. **É moi importante cubrir correctamente a dirección de correo electrónico** xa que este é o único xeito de recuperar o contrasinal para o primeiro acceso ao sistema para ese novo usuario:



## Crear ou asociar usuario Creación ou asociación de novo usuario

### Datos xerais

#

Non se atopou ningún usuario rexistrado no sistema cón NIF indicado. Complete o formulario para solicitar á creación dun novo usuario.

Pola presente solicítase dar de alta un novo usuario para a conta de **CONTA DE PROTECCION MEDIOAMBIENTAL SL - PMA**. O novo usuario poderá acceder e realizar operacións en nome de **CONTA DE PROTECCION MEDIOAMBIENTAL SL - PMA**. Debe cubrir os datos do novo usuario (NIF, correo electrónico, nome e apelidos) e asinar dixitalmente a súa solicitude.

#### NIF

Obrigatorio

#### Correo electrónico

Introduza o correo electrónico

Obrigatorio

#### Nome

Introduza o nome

Obrigatorio

#### Primeiro Apelido

Introduza o primeiro apelido

Obrigatorio

#### Segundo Apelido

Introduza o segundo apelido


Unha vez cubertos os campos obrigatorios permítese asinar a solicitude de alta de usuario

#### Datos a asinar

Pola presente solicítase dar de alta un novo usuario para a conta de Conta de Xestor Probos 4. O novo usuario poderá acceder e realizar operacións en nome de Conta de Xestor Probos 4<personIdNumber>[REDACTED]</personIdNumber><email>probos@teimas.com</email><name>JOSE</name><surname1>DOMINGUEZ</surname1><surname2>FERNANDEZ</surname2>

Asinar

Ao premer no botón de Asinar a aplicación de sinatura electrónica preguntará polo certificado a empregar para facer a sinatura nunha ventá semellante a esta:



Unha vez escollido o certificado amósase un campo de texto co resultado da operación de asinado electrónico que pon 'Datos asinados' e uns botóns de gardar (para confirmar a creación do usuario) e cancelar para descartar a operación.

### Datos a asinar

Pola presente solicítase dar de alta un novo usuario para a conta de Conta de Xestor Probas 4. O novo usuario poderá acceder e realizar operacións en nome de Conta de Xestor Probas 4<personIdNumber>11111111</personIdNumber><email>[REDACTED]</email><name>JOSE</name><surname1>PEREZ</surname1><surname2>PEREZ</surname2>

### Datos asinados

```
<?xml version="1.0" encoding="UTF-8"?>
<ds:Signature Id="Signature-1d9a0d2e-6e80-4482-9cee-99e08a0eb7ca-Signature" xmlns:ds="http://www.w3.org/2000/09/xmldsig#">
<ds:SignedInfo><ds:CanonicalizationMethod Algorithm="http://www.w3.org/TR/2001/REC-xm1-c14n-20010315"/><ds:SignatureMethod
Algorithm="http://www.w3.org/2001/04/xmldsig-core#rsa-sha512"/><ds:Reference Id="Reference-00172741-2bd5-4128-bcb0-e571362e9b0c"
Type="http://www.w3.org/2000/09/xmldsig#Object" URI="#Object-f6069f78-45b0-414a-be7a-cab59c555ec2"/><ds:Transforms><ds:Transform
Algorithm="http://www.w3.org/2000/09/xmldsig#base64"/></ds:Transforms><ds:DigestMethod><ds:DigestMethod Algorithm="http://www.w3.org/2000/09
```

Se o asinante empregado é válido crease o usuario e o sistema **envía un e-mail de confirmación á dirección proporcionada** para ese usuario para pedirlle que indique unha contrasinal para acceder ao sistema.

## Se o usuario xa existe

No caso de que xa exista un usuario para ese NIF a aplicación amosará unha pantalla co nome do usuario preguntando se queremos darlle acceso á nosa conta de GaLa eResiduos.

## Crear ou asociar usuario


## Datos xerais

#

Atopouse ó usuario  có NIF . Asine a solicitude para asociar ó usuario a súa conta.

### Datos a asinar

Pola presente solicítase asociar ó usuario [REDACTED], con NIF [REDACTED] coa conta de CONTA DE [REDACTED].  
[REDACTED] O novo usuario poderá acceder e realizar operacións en nome de CONTA DE [REDACTED].  
[REDACTED] <personIdNumber> [REDACTED] </personIdNumber>

 Cargar firma

Neste caso bastará con asinar electronicamente a solicitude e despois gardar os cambios para darlle acceso ao usuario escollido á nosa conta de empresa de GaIA eResiduos.

## Acceso aos servizos web



No caso de solicitar a alta dun usuario para enviar información a través dos webservices o proceso será semellante pero neste caso o usuario non vai a nome de ningunha persoa xa que o webservices empregase para comunicar o sistema de información da empresa co sistema GALA directamente. Por iso o nome de usuario será neste caso o NIF da empresa engadindo 'WS ao final. A pantalla de alta é semellante a esta na que se pide o e-mail de referencia para o webservice.

## Crear ou asociar usuario Creación ou asociación de novo usuario

### Datos xerais


Usuario

Correo electrónico

Obrigatorio

Datos a asinar

Pola presente solicítase dar de alta un novo usuario de servizos web para a conta de CONTA DE  O novo usuario poderá acceder e realizar operacións de servizo web en nome de CONTA DE  -  
 <username>  </username> <email>  </email>

 Cargar firma

**É importante indicar unha dirección de e-mail válida á que se notificarán os problemas existentes na tramitación automática. Recoméndase indicar o correo electrónico do persoal técnico responsable do mantemento destes servizos.**

Unha vez asinada a solicitude hai que premer en gardar para facer efectiva a creación do usuario de webservices.

Recordámoslle que aínda que solicite o acceso aos servizos web **debe dar de alta**, como mínimo, **un usuario e un asinante** para poder asinar os documentos de traslado correspondentes.

### Restablecer contrasinal

No caso de que un usuario non se lembre do seu contrasinal sempre poderá reinicialo premendo na ligazón da pantalla inicial que pon 'esqueceu o seu contrasinal':



Acceso a:

GaIA

Identifíquese

Usuario/a

Contrasinal

Esqueceu o seu contrasinal →

Entrar

Entre con certificado dixital

Entrar

Cree unha nova conta

Crear



Idiomas



Contacto



Axuda

Isto leva ao usuario a un formulario onde se lle solicita o seu e-mail.

### Reestablecer contrasinal

Introduza o email asociado a unha conta da plataforma

Email

Reestablecer

O usuario escribe o seu e-mail e posteriormente recibirá un e-mail cunha ligazón para reiniciar o seu contrasinal. É **moi importante ter o e-mail actualizado** e só accesible polo usuario en cuestión porque é o único xeito de acceder á plataforma se se esquece da súa clave. **Calquera persoa con acceso ao correo electrónico poderá acceder á plataforma empregando esta funcionalidade.**

## 4.3. Xestión de permisos de asinantes

O usuario administrador poderá habilitar **permisos como asinantes** aos usuarios dados de alta para que estes poidan asinar o envío de traslados.

Na sección de asinantes poderemos xestionar, se dispoñemos do rol de usuario administrador, o listado de persoas que poden asinar solicitudes e presentacións de trámites no nome da empresa en GaIA eResiduos. Ao acceder veremos un listado dos asinantes dados de alta co NIF asociado a cada un. **Cada vez que se asina unha solicitude en GaIA eResiduos o**



sistema comprobará que o NIF do asinante pertenza á lista de asinantes válidos da empresa. Se non é así o sistema indicará que non se empregou un asinante válido.

## Listado de asinantes Listado dos asinantes asociados a conta actual

Q		
NIF	Nome do asinante	Estado
12345678Z	JOSE DOMINGUEZ DOMINGUEZ	Activo
12345678Z	JOSE DOMINGUEZ DOMINGUEZ	Activo
12345678Z	JOSE DOMINGUEZ DOMINGUEZ	Activo
12345678Z	JOSE DOMINGUEZ DOMINGUEZ	Activo
12345678Z	JOSE DOMINGUEZ DOMINGUEZ	Activo
12345678Z	JOSE DOMINGUEZ DOMINGUEZ	Activo

**Asinante**  
[Listado](#)  
[+ Novo](#)

Para engadir un novo asinante bastará premer na ligazón de Novo asinante da dereita. Facendo iso o sistema amósanos un formulario para rexistrar os datos do asinante a engadir:

## Engadir novo asinante Engadirase un novo asinante á conta de Conta de Xestor de Probas 2

### Datos xerais

Nome

JOSE

Obrigatorio

Primeiro Apelido

DOMINGUEZ

Obrigatorio

Segundo Apelido

DOMINGUEZ

NIF

12345678Z

Obrigatorio

✓ Gardar

✗ Cancelar

↺ Restaurar

Asinante

+ Novo

Listado

Conta

Unha vez introducidos os datos do asinante podemos gardalo quedando o asinante vencellado á conta da empresa. Seguindo este exemplo, a partires de agora, calquera documento asinado electrónicamente por un certificado do NIF 12345678Z para esta conta de empresa será aceptado.

Dende o propio listado de asinantes podemos acceder ao detalle dos mesmos e ás diferentes operacións que se poden levar a cabo (Desactivar e Editar):

## Asinante

### Datos propios

Nome	NIF	Estado
DOMINGUEZ DOMINGUEZ, JOSE	12345678Z	Activo

Asinante

Listado

+ Novo

⊖ Desactivar

✎ Editar





A edición permítenos modificar os datos do mesmo como na creación. A desactivación é o equivalente á eliminar o asinante da lista de asinantes válidos aínda que non desaparece, senón que se mantén inactivo para esa empresa. Posteriormente poderemos activalo de novo premendo na ligazón de Activar:

## Asinante

### Datos propios

Nome  
**DOMINGUEZ DOMINGUEZ, JOSE**

NIF  
**12345678Z**

Estado  
**Inactivo**

#### Asinante

Listado

+ Novo

⌚ Activar

✎ Editar

## 4.4. Acceso ao sistema

Para acceder ao sistema será preciso ter un usuario asociado á conta da empresa. Despois deberá acceder á páxina inicial da plataforma GaIA e nesta pantalla pode escoller se introducir o nome de usuario e contrasinal ou acceder con certificado electrónico<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Para poder acceder con certificado electrónico o usuario debe ter rexistrado o seu NIF e debe coincidir co NIF do certificado empregado.





Unha vez activado na plataforma debe dente “As miñas Aplicacións” premer sobre o módulo de eResiduos.

The screenshot shows the GaiA platform interface. At the top, there is a header with the GaiA logo and the text 'Plataforma Galega de información ambiental'. To the right of the header, there are links for 'EXTADMIN', 'Galego | Castellano', and 'XUNTA DE GALICIA'. Below the header is a navigation bar with various menu items: 'QUÉ É GAIÁ', 'NOVAS', 'LEXISLACIÓN', 'PUBLICACIÓNS', 'INDICADORES', 'BOLETÍN', 'SOLICITUDE', 'TEMAS', 'SERVIZOS', 'TRÁMITES', and 'AS MIÑAS APLICACIÓNS'. A red arrow points to the 'AS MIÑAS APLICACIÓNS' link. Below the navigation bar, the main content area is titled 'As miñas aplicacións'. It contains three cards: 'eCAPCA' (Xestión das empresas con actividades potencialmente contaminantes da atmosfera), 'eResiduos' (Permite que as empresas dean cumprimento ás súas obrigacións en materia de residuos), and 'eTramitación' (Permite que as empresas poidan presentar os trámites administrativos en materia de medio ambiente). The 'eResiduos' card is highlighted with a red border.

## 5. Características Xerais

### 5.1. Buscadores

Ao longo da aplicación existe a posibilidade de filtrar os datos que se están amosando. A funcionalidade de filtrar/buscar o que se desexa pódese realizar con campos de busca como o seguinte:

Código	CPA	Descrición	
999	F433919	ZAHORRA DE RELLENO ZANJAS A PARTIR DE RCD	<a href="#">Editar</a>
965	C236919	MEZCLAS PARA HORMIGON A PARTIR DE RECICLADO DE RCD	<a href="#">Editar</a>

Neses campos basta con comezar a escribir algo sobre o que se está a buscar e o sistema fará unha procura intelixente cos datos introducidos. Por exemplo nun listado de residuos o sistema buscará aqueles residuos con descrición, LER ou código semellante ao que se escribiu no campo de busca. Mentres que no caso de traslados de residuos, o sistema fará unha busca por moitos mais campos como NIMA, NIF, nome das empresas, código do traslado, etc.

Os buscadores permiten introducir **varios textos** e o sistema amosará aqueles que coincidan con todos os textos introducidos. Por exemplo para buscar entre os contactos os centros da empresa de Probas en Vilaboa basta procurar 'Probas' e 'Vilabo':

PROBAS	PROBAS	Calle PROBANDO 2, Vilaboa
PROBAS	PROBAS	Calle DAD, Vilaboa

### 5.2. Listados

Nos diferentes listados ás veces non é posible amosar toda a información contida por cuestións de espazo. Neses casos basta pasar o rato por riba do campo que non aparece completo e o sistema amosará un 'tooltip' con ese dato. Por exemplo:

Ler	Estado
170904	Creado
191308	Creado
170904	Confirmad...
170904	Creado

Confirmada Aceptación e Envío

Naqueles listados onde se poidan seleccionar diferentes elementos (como por exemplo contactos, notificacións de traslado ou traslados) existe unha funcionalidade que permite seleccionar o listado completo por páxina: "Sel. Páxina", marcado en vermello na seguinte imaxe.

Se vostede pasa de páxina poder volver a seleccionar o listado completo amosado na seguinte páxina.

**Contactos** Aquí atopará os centros que seleccionou como os seus contactos.

### 5.3. Paxinación

No caso de que nun listado non aparezan todos os elementos (por mor do elevado número de resultados), ao pe do listado aparecerán uns botóns que controlan o paxinado do listado co que nos poderemos mover entre as 'páxinas' do mesmo.

### 5.4. Formularios

Cando se cubre un formulario é habitual que o sistema faga validacións dos datos introducidos e amose un erro no caso de que estes non sexan correctos ou falten datos que é obrigatorio rexistrar, como se pode ver a continuación:

**Entidade**

**NIF**

B12231123

Entidade: O NIF introducido non é correcto

## 5.5. Campos de busca

No sistema é habitual atopar campos nos que escoller un valor entre varios posibles. Nalgúns casos os posibles valores son demasiados así que a aplicación incorpora un sistema no que se pode escribir o nome do que se pretende escoller e a aplicación fai unha busca e amosa as opcións que encaixan coa busca. Por exemplo no buscador de concellos se queremos escoller Santiago de Compostela basta escribir 'compos' e escoller a opción que nos marca o sistema:

Municipio

Escolle un concello

compost

Santiago de Compostela - Coruña  
(A) (Galicia)

## 5.6. Botóns de acción

Os formularios da aplicación soen presentar tres opcións ao pe do mesmo:

✓ Gardar

✗ Cancelar

↺ Restaurar

Ao respecto destes botóns:

- Gardar: permite aceptar e gardar os cambios que se fixeron no formulario. En varios formularios esta opción non se activa ata que o formulario presenta os datos obrigatorios correctos.
- Cancelar: pecha o formulario e anula os cambios que se fixeron.
- Restaurar: permite deixar o formulario como estaba ao comezo da edición, sen ningún dato modificado.

## 5.7. Asinado electrónico

### Asinantes válidos

Cada vez que se solicita o asinado de datos, despois de terse realizado o proceso de asinado, o sistema comprobará **que a persoa titular do certificado empregado para asinar pertence á lista de asinantes da súa empresa.**

Por exemplo: A empresa 'Xestor de Residuos' ten un certificado de empresa que está a nome da Xerente da empresa, 'Ana Pérez Pérez' con DNI 12345678Z. Sen embargo a persoa que traballa habitualmente con GaIA eResiduos é un administrativo da mesma que ten un usuario ao seu nome 'Manuel López López'. Deste xeito, se Manuel ten o certificado da empresa instalado no seu ordenador poderá asinar traslados sempre que exista un asinante para a empresa a nome de 'Ana Pérez Pérez' e co seu DNI.

Ver o apartado [4.4](#) para coñecer como xestionar os asinantes da empresa.

## 6. Pantalla inicial e funcións xerais

Unha vez se accede ao sistema a aplicación amosa unha pantalla como a seguinte:



A pantalla consta de:

1. Arriba a esquerda dun menú da aplicación con seccións despregables coas que acceder aos diferentes apartados.
2. Na parte superior dereita amosase a Información do usuario e da conta de empresa así como o enlace "as miñas aplicacións" dende onde poderá navegar por todas os módulos activos da Plataforma GaIA.
3. A parte central e a sección de traballo que varía segundo a sección que visitemos. Na páxina inicial amosa un resumo dos datos da conta de empresa do usuario cuns accesos directos ás funcións mais empregadas.

Para volver á **pantalla inicial** basta con **premer sobre o logo de GaIA** que se amosa á esquerda da ventá.

### 6.1. Menú da aplicación

O menú conta de seccións despregables coas que acceder aos diferentes apartados da aplicación. Basta con premer encima dunha sección para despregala e ver as accións ás que se ten acceso dende aí:



As seccións son:

1. **Mestres:** sección onde configurar os datos de contactos, residuos, produtos, servizos e subprodutos cos que se traballa.
2. **Notificacións:** sección onde se xestionan as notificacións previas de traslados.
3. **Traslados:** sección para rexistrar os traslados de residuos e outros tipos de traslados como son as entradas e saídas de materiais ou as autoxestións de residuos.
4. **Arquivo cronolóxico:** sección onde poden consultar os datos dos traslados de residuos e materiais incluídos no arquivo cronolóxico.

## 6.2. Información do usuario e contas de empresa

Dende o Menú de usuario pode accederse ás opcións de configuración da conta, usuarios e asinantes.



### Configuración

